

**NOTA INFORMATIVA**  
**AXENDA MUNICIPAL**

**Domingo 8**

**12.00 h.**

No Teatro Principal, concerto da Banda Municipal de Música.

**Luns 9**

**9.30 h.**

En Porto, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asistirá á inauguración do primeiro Forum Transnacional do proxecto PARTNER.

O proxecto PARTNER é un programa transnacional cofinanciado pola iniciativa comunitaria Interreg IIIB Espazo Atlántico, que se concentra na promoción da mobilidade sustentable e da accesibilidade das rexións do Espazo Atlántico ás grandes redes de transportes transeuropeos.

**10.15 h.**

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, participará nunha mesa redonda xunto co ministro portugués para os Traballos Públicos, o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Abel Caballero, e o parlamentario europeo e antigo ministro portugués de Emprego e Asuntos Sociais, José Silva Peneda.

**(REMITIRASE NOTA DA INTERVENCIÓN DO ALCALDE E FOTO)**

**12.30 h.**

Na Casa do Concello, o voceiro do grupo de goberno, Francisco Candela, exporá en **ROLDA DE PRENSA** o resumo dos acordos adoptados na última sesión da Xunta de Goberno Local.

**18.00 h.**

No Parlamento galego, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, comparecerá na Comisión de estudo sobre as causas e consecuencias dos incendios forestais.

**Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2006**